

CONSULTA PÚBLICA PREVIA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 21, REGULADORA DO SERVIZO DE COMEDOR A DOMICILIO DO CONCELLO DE ARTEIXO

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Ordenanza Reguladora do servizo de comedor a domicilio, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de DEZ DÍAS a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio en taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal, mediante a presentación do ANEXO I en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	<i>A entrada en funcionamento do novo contrato de comedor a domicilio, agora xestionado externamente, obriga ao concello a actualizar a normativa que o regula. Dito contrato introduce novidades ampliando o comedor a domicilio e suprimindo o que se prestaba no Centro de Maiores A Baiuca, no que se prestaba un escaso servizo.</i>
---	---

<p>Necesidade e Oportunidade da súa aprobación</p>	<p><i>O Comedor debe dispoñer duna normativa que regule tanto o acceso ao servizo coma os dereitos e deberes dos usuarios. A actualización da normativa compre aprobala con anterioridade á entrada en vigor do novo contrato.</i></p>
<p>Obxetivos da norma</p>	<p><i>Coa norma que se propón para a súa modificación preténdese dispor dunha regulación que ofrezga garantías na xestión do servizo de comedor a domicilio así como dos dereitos e deberes das persoas usuarias, requisitos para o acceso, composición dos menús etc.</i></p>
<p>Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias</p>	<p><i>Descártanse alternativas non regulatorias, a potestade regulamentaria das entidades locais exercece a través das Ordenanzas e Regulamentos, de acordo co disposto na Lei de Bases de Réxime Local. A Ordenanza resulta imprescindible tanto para a xestión do comedor como para a garantía de dereitos das persoas usuarias.</i></p>

ANEXO I

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE COMEDOR A DOMICILIO

NOME E APELIDOS	
DNI/NIE/PASAPORTE	
ENDEREZO	
TELÉFONO DE CONTACTO	
MAIL DE CONTACTO	
<i>Os datos persoais e de contacto son obrigatorios Se o desexa pode utilizar o dorso do cuestionario para ampliar a súa opinión</i>	

Opinión sobre os aspectos consultados:

a) OS PROBLEMAS QUE SE PRETENDEN SOLUCIONAR COA INICIATIVA

b) A NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA SÚA APROBACIÓN

c) OS OBXECTIVOS DA NORMA

d) AS POSIBLES SOLUCIÓN ALTERNATIVAS REGULATORIAS E NON REGULATORIAS

Asina.-

Lugar e data.-

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE ARTEIXO, con dirección PRAZA ALCALDE RAMON DOPICO, Nº 1-15142 ARTEIXO (A CORUÑA).

1.- FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá suponer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

PRAZO DE CONSERVACIÓN: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo

2.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo.

3.- DESTINATARIOS DE CESIÓNS: CONCELLO DE ARTEIXO non cederá os seus datos de carácter persoal.

4.- DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

O CONCELLO DE ARTEIXO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados duha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Asina electronicamente en Arteixo na data do documento electrónico.

O Alcalde-Presidente. Carlos Calvelo Martínez.